

Mércores, 19 de xullo de 2023

Núm. 139

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

AGOLADA

Outros documentos, notificacións e informacións públicas

NOMEAMENTO DE TENENTES DE ALCALDE

ANUNCIO

Con data 19 de xuño de 2023, polo Sr. Alcalde-Presidente dictouse a seguinte:

“RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA 19.06.2023

DON LUIS CALVO MIGUÉLEZ, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE AGOLADA (PONTEVEDRA)

ASUNTO.- Nomeamento de Tenentes de Alcalde.

De conformidade co disposto nos artigos 20.1a), 23.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, artigo 62 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e artigo 46.1 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, do 28 de novembro de 1986, os Tenentes de Alcalde serán libremente nomeados polo Alcalde de entre os membros da Xunta de Goberno Local. De dito nomeamento darase conta ao Pleno, procedéndose a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia,

Á vista do exposto, RESOLVO:

PRIMEIRO.- Nomear Tenentes de Alcalde do Concello de Agolada aos seguintes Concelleiros membros da Xunta de Goberno Local deste Concello:

- 1º. Tenente de Alcalde: Don Óscar Val García.
- 2ª. Tenente de Alcalde: Don Pedro García Casares
- 3º. Tenente de Alcalde: Dona Margarita Varela Iglesias

Aos Tenentes de Alcalde, en canto tales, corresponderalles substituír a esta Alcaldía na totalidade das súas funcións e por orde do seu nomeamento, nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento que lle imposibilite para o exercicio das súas atribucións, de conformidade co disposto no artigo 47 do Real Decreto 2568/1986.

SEGUNDO.- Da presente resolución darase conta ó Pleno na primeira sesión que celebre, notificándose, ademais, persoalmente aos designados e publicarase no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, sen prexuízo de súa efectividade dende o día seguinte ó da presente resolución.”

En Agolada, na data da sinatura electrónica

O Alcalde-Presidente

Don Luis Calvo Miguélez

